



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Tifno. 981 784 417 / 636 736 788
mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA XUNTA DIRECTIVA

Dña. Teresa María Oujo Reino, maior de idade, con DNI número 32.815.913-L, como secretaria da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, con NIF número G-70.454.657, e domicilio social na Casa do pescador de Miño, rúa do Curro nº 33, código postal 15630, Miño, provincia de A Coruña, en virtude das competencias que teño atribuídas en virtude do artigo 22 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO QUE,

Que segundo se recolle na acta da reunión de Xunta Directiva celebrada o día 15 de maio de 2025 na Casa do Pescador do Concello de Miño, no punto 2. "Alegacións recibidas á proposta provisional da Xunta Directiva do día 24 de abril de 2025, Convocatoria 2025, publicada o día 24 de abril de 2025 e corrección de erros, e proposta de resolución definitiva da Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte", as persoas membros da Xunta Directiva (estando presentes ou representados once dos trece membros que conforman a Xunta Directiva) acordaron o seguinte en relación á proposta de resolución:

1. A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte seleccionou provisionalmente en reunión mantida o día 24 de abril de 2025 os proxectos que considerou prioritarios para a execución da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, de conformidade cos criterios establecidos nesta, e no estipulado na "Orde de Axudas do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025 (DOG nº36 do 21 de febreiro de 2025).
2. Todos os membros presentes da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da reunión, a declaración de ausencia de conflito de intereses, e ausentáronse da mesma, no momento da votación do proxecto, no caso da súa implicación nos mesmos.
3. No caso de empate nas puntuacións dos proxectos, o equipo técnico aplicou o punto 11 do artigo 19 "fase de instrución" da Orde de Axudas do 12 de febreiro de 2025.
4. Para unha correcta xestión dos fondos neste ámbito territorial, e poder chegar a cumprir ao máximo o obxectivo financeiro do programa, tendo en conta o Convenio asinado coa Consellería do Mar que ten por obxecto "establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento da estratexia", a Xunta Directiva acordou que se aprobaran todos os proxectos económicos, non económicos e de concellos polas contías establecidas nos anexos, tendo en conta o límite orzamentario da Consellería do Mar e na propia Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Golfo Ártabro Norte.



Cofinanciado por
la Unión Europea

5. Que no caso de non existir crédito orzamentario para atender todas as solicitudes aprobadas desta convocatoria 2025, a Xunta Directiva acordou que foran incorporadas a unha lista de reserva, tendo en conta o artigo 21.4 da Orde de axudas do 12 de febreiro de 2025 "Establecerase unha listaxe de reserva con aqueles proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non poidan recibir axuda por falta de crédito, que será empregada para os casos nos que non se esgote o crédito dispoñible ou se incremente este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolucións de concesión ou de dotacións orzamentarias adicionais".
6. Esta proposta de resolución provisional de Xunta Directiva para proxectos das partidas orzamentarias 770, 780 e 760, así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2025, non creaba ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para as partidas orzamentarias 770, 780 e 760 para esta convocatoria 2025.
7. Esta proposta de revisión provisional quedaba condicionada á revisión por parte do equipo técnico do GALP Golfo Ártabro Norte da documentación que foi requirida aos solicitantes das axudas.
8. Outorgouse un prazo de alegacións de 10 días hábiles dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte e na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia (<https://galp.xunta.gal/>) que foi o día 24 de abril de 2025, rematando o prazo de alegacións o día 9 de maio de 2025.
9. Os membros da Xunta Directiva acordaron que unha vez publicada a resolución provisional -segundo o artigo 20 da Orde de axudas do 12 de febreiro de 2025- abrir un prazo de achegas de 10 días hábiles; no caso de non recibir alegacións ao respecto, quedarían aprobadas definitivamente as propostas de resolución provisional, elevando a público unha proposta de resolución definitiva, sen necesidade de levar a cabo unha nova reunión de Xunta Directiva presencial, ao non existir alegacións nin modificacións de ningún aspecto nos acordos tomados nos diferentes proxectos nesta reunión, e que tiveran que ser novamente debatidos polos membros. No caso de revisións da documentación presentada, e que afecten ao contido na proposta provisional, o equipo técnico deberá informar aos membros da Xunta Directiva dos cambios realizados para a súa conformidade ou non conformidade a través do correo electrónico, previo á publicación da proposta definitiva.
10. Rematado o período de alegacións o venres 9 de maio de 2025, recibíuse unha alegación ao respecto do seguinte proxecto, que foi debatida polo membros da Xunta Directiva, previa proposta do equipo técnico :



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Tlfno. 981 784 417 / 636 736 788
mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

EXPEDIENTE PE155A-2025-0127

1. O Concello de Narón presenta resolución de alcaldía respecto do proxecto "Xubia a pé do mar", presentado á convocatoria do 12 de febreiro de 2025 de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.
2. En dita resolución solicítase se admita o proxecto dentro da proposta definitiva que emita a Xunta Directiva do Galp na resolución 760-Concellos, como proxecto admitido.
3. Porén da resolución de alcaldía presentada, da redacción do proxecto, da documentación presentada xunto coa solicitude do proxecto, así como do conxunto das actividades que o Concello ten previsto desenvolver de levarse a cabo, non se conclúe razón algunha pola que deba accederse ao solicitado. Así:
 - O investimento para o que se solicita axuda presenta solicitude de resolución da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar (Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico) para outorgamento de concesión para o uso do espazo sobre o que se solicitan os investimentos do presente proxecto é distinto do identificado no proxecto presentado.
 - A resolución ditada pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar (Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico) para outorgamento de concesión para o uso do espazo sobre o que se solicitan os investimentos do presente proxecto, con data 18 de xullo de 2024 (ref: CN02/15/15/0002) é anterior ao proxecto técnico que se presenta na solicitude de subvención, que ten data de 12 de marzo de 2025.
 - Na mesma resolución da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar (Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico) emítese sometida á aceptación, por parte do concello, das condicións e prescricións expostas en dita resolución, entre elas: contestación nos seguintes 10 días hábiles coa aceptación expresa e o cumprimento das condicións, declarándose concluído o expediente de non haber contestación. Neste aspecto, o concello non aporta documentación posterior a esta resolución de aceptación expresa.
 - Ademais, a concesión solicítase para a instalación de almacenamento de piraguas, en concreto, a instalación de 4 contenedores, sendo 3 destinados a almacenamento de embarcacións de piraguas, para o cal se realizará convenio co clube de piragüismo para a cesión de 3 contenedores, e o cuarto será explotado directamente polo Concello, non sendo de uso privativo.
 - A autorización ditada por AESA (Agencia Estatal de Seguridad Aérea) en materia de Servidumes Aeronáuticas para outorgamento de autorización para a realización da obra e instalación dos investimentos para os que se solicita axuda, con data 24 de abril de 2024 (Expediente 024-0079) é anterior ao proxecto técnico que se presenta na solicitude de subvención, que ten data de 12 de marzo de 2025.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Tlfno. 981 784 417 / 636 736 788
mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

- A autorización ditada por AESA (Agencia Estatal de Seguridad Aérea) en materia de Servidumes Aeronáuticas, concédese para *cuatro containers para almacenamiento de piraguas*.
- O proxecto técnico que se presenta na solicitude de subvención establece que *la intervención a realizar consiste en una instalación temporal, de poca entidad constructiva y que no está destinada a un uso público o residencial: se trata de una instalación destinada al almacenamiento de piraguas que cuenta con unos baños destinados a uso privado de los usuarios puntuales de dicho almacén, y que en ningún caso serán destinados a uso público, o que se contradice co carácter permanente dos investimentos así como de uso público e beneficiario colectivo e interese colectivo, e, tamén, co expresado na resolución da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar (Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico)*.
- A memoria que se presenta na solicitude de subvención establece que *o equipamento supón a instalación de 3 unidades de container marítimo tipo FEU de 40 pés. Dous módulos dedicaríanse as actividades polivalentes e o outro serviría para uso do Clube de Piragüismo Narón*. O proxecto técnico que se presenta na solicitude de subvención establece que o proxecto consta de *2 containers para club piragüismo 1 para polivalente*. Memoria e proxecto técnico non son coherentes na información proporcionada.
- A memoria que se presenta establece 3 actividades, sendo a primeira (cítase textualmente):

No proxecto establécense tres liñas de actuación que son:

*1. A dinamización socioeconómica local, poñendo en valor a actividade pesqueira, os recursos pesqueiros e o patrimonio cultural ligado a mar. Narón, pese a non contar con confrarías no seu territorio, **mantén activos convenios de colaboración coas confrarías de Barallobre e Ferrol**. Moitas das persoas que viven en Narón teñen un vínculo directo coa actividade pesqueira. Neste sentido quérese reforzar o papel das confrarías como axentes dinamizadores a nivel local. Tamén promover un maior coñecemento dos recursos pesqueiros, contribuíndo a mellorar o seu consumo, por parte da poboación local. Tamén se quere reforzar unha visión da necesidade da diversificación do sector pesqueiro en actividades que promovan unha maior conexión coa cidadanía e o tecido social da contorna.*

No requirimento realizado ao Concello solicitouse o seguinte:

Convenios de colaboración e/ou participación do sector pesqueiro que participen no proxecto (información detallada da vinculación co sector pesqueiro e cómo se vai levar a cabo), ou promover o consumo de produto pesqueiro local.

O concello presentou unicamente convenio de colaboración asinado pola confraría de Barallobre, non existindo convenio de colaboración coa confraría de Ferrol.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Tlfno. 981 784 417 / 636 736 788
mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

4. Tras a revisión, de novo, de toda a documentación presentada xunto coa solicitude de axuda, tras o requirimento efectuado polo Galp e a resolución de alcaldía presentada como alegación á resolución provisional aprobada en Xunta Directiva para a convocatoria 2025, determinado a falta de viabilidade técnica polas incoherencias arriba expresadas así como a falta de autorizacións pertinentes para o desenvolvemento das actividades e investimentos para os que se solicita axuda, o proxecto NON cumpre os requisitos necesarios, segundo a orde de axudas, para poder ser subvencionable.

Tendo en conta o anteriormente indicado, proponse denegar a alegación efectuada baseada na argumentación arriba exposta, por maioría dos membros da Xunta Directiva.

11. Revisada a documentación presentada polas entidades solicitantes de axuda, así como as propostas provisionais publicadas na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia, detéctanse as seguintes incidencias que afectan ao contido da proposta provisional do 24 de abril de 2025:

- Revisada a documentación requirida ao Concello de Pontedeume, correspondente ao proxecto PE155A-2025-00184 "Creación de produto turístico artesanal pesqueiro no Concello de Pontedeume #eumeautentico", non se admite a partida "*Creación dun espazo artesanal e pesqueiro no Concello de Pontedeume (proxecto Estudio Técnico Gallego, S.L. marzo 2025)*", por considerarse gasto non subvencionable, tendo en conta o artigo 10 h) da orde de axudas. O importe subvencionable proposto na definitiva é 20.587,41€ (importe da proposta provisional 122.709,97€).

Corrección erros na proposta provisional do 24 de abril:

Partida 770

- PE155A-2025-00186 "Taller náutico móbil, con asistencia a flote" o importe subvencionado na anualidade 2025 é 6.681,21€ (importe da proposta provisional 6.681,22€). Indicar que non afecta ao importe total subvencionado.

Partida 780

- PE155A-2025-00033 "Espazo Amares: Patrimonio pesqueiro e espazo de experiencias" o importe subvencionable da anualidade 2027 é 20.430,80 (importe da proposta provisional 20.549€), por axuste do importe dunha pantalla e proxector á oferta económica presentada. O importe subvencionable proposto na definitiva é 55.730,11€ e o subvencionado 55.730,11€ (importes da proposta provisional subvencionable e subvencionado 55.848,31€).



Cofinanciado por
la Unión Europea

Partida 760

- PE155A-2025-00110 "Miño emprende no mar: artesanía alimentaria e transformación do produto pesqueiro", o importe subvencionado na anualidade 2025 é 1.832,19€ (importe da proposta provisional 1.832,18€). Indicar que non afecta ao importe total subvencionado.

Aclaracións á proposta provisional do 24 de abril:

Partida 770

- PE155A-2025-00186 "Taller náutico móbil, con asistencia a flote". Admítese o informe da xerencia ao respecto das aclaracións respecto á admisibilidade do proxecto, para que sexa incluído no expediente.

Desestimados/inadmitidos

- PE155A-2025-00158 "Berce de Sereas". Motivo da inadmisión/desestimación: Inadmisión. Incumprimento do requisito establecido no artigo 4.1. apartado g) da Orde de Axudas
- PE155A-2025-00240 "Promoción e difusión nas escolas do GALP Golfo Ártabro Norte da cultura e tradición marítimo pesqueira, promoción da sostibilidade e da alimentación saudable a través do teatro de títeres". Motivo da inadmisión/desestimación: Desestimado. Art. 4.1. a) e c) da orde de axudas

- Realizadas as correccións oportunas, tendo en conta os puntos 10 e 11, a Xunta directiva acorda elevar a público unha proposta de resolución definitiva de proxectos, para as partidas orzamentarias 770, 780 e 760, así como de desestimados/inadmitidos das tres partidas orzamentarias, que será trasladada á Consellería do Mar para a súa aprobación definitiva.
- Outórgase un prazo de alegacións de 10 días hábiles, contados dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte e na páxina web do GALP de Galicia, exclusivamente para o proxecto PE155A-2025-00184 Creación de produto turístico artesanal pesqueiro no Concello de Pontedeume #eumeautentico".
- Esta proposta de resolución DEFINITIVA, xunto cos correspondentes anexos publícase no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte, así como na páxina web dos GALP de Galicia.
- A proposta de resolución definitiva de Xunta Directiva para proxectos das partidas 770, 780 e 760, así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2025, non crea ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade de crédito orzamentario para as partidas orzamentarias 770, 780 e 760 para esta convocatoria 2025.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Tlfno. 981 784 417 / 636 736 788
mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

16. Xúntase como anexo a esta resolución definitiva de Xunta Directiva:

- Anexo I. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 770
- Anexo I. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 780
- Anexo III. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 760
- Anexo IV. Proposta de resolución provisional de Xunta Directiva desestimados/inadmitidos (770 – 780 - 760)

E para que conste, aos efectos oportunos

Miño, 15 de maio de 2025

Visto e prace

José Antonio Anido Núñez
Presidente



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte

Teresa María Oujo Reino
Secretaria



Cofinanciado por
la Unión Europea